# coidamos...
## voceiro dos que non calamos



NOS FERRAGANCHOS:

Inés Bouza Hernáez

Rosana Freire Calviño

Fernanda Gil Martinez

Xosé Ramón Cabado y Montero

Xoan Manoel Andrade Vidal

Pedro A. Naveira Couceiro

Xosé Carlos Couceiro Carro

Daniel Pereiro Cachaza

Xoan Carlos Rosende Amor

Benigno Xosé Lovreda Fariña

Francisco Sánchez Soria

Xosé Antonio Liñares Pereira

Andrés Varela Vidal

Carmen Vázquez

-:--:-

OS QUE COLABOURAN:

A folla virada
Rosana
Xoubiña
Ross
O anaco da pedra
Paco
Andrade
Agá
Angel
Cataventos
Ninyca
Vento
Daniel y Cia.
Roca
Cañoto
Xosémaría Pérez Paralló

-Corresponsalos:

En A Viña (Irixoa): Sera




ANO I - Nº 7 - SANTOS
EDITA: B.U.P.
PATROCINA: Instituto de Betanzos

# CONTIDO:

Portada........................... 1
Contido .......................... 3
Editorial ........................ 4
Lembranza......................... 5
Que se vaian ..................... 6
Más aviones....................... 7
H. R. Francisco Aguiar............ 8
H.R. F.A. (II), y Retorno ....... 9
Retorno (II)..................... 10
Un San Santuario ................ 11
Cuento .......................... 12
Cuento (II) y Peirao ............ 13
El joven rural .................. 14
El libro: cultura y placer...... 15
Realmente estoy solo ............ 16
Agá.............................. 17
Coidamos que... non é porque si. 18
COIDAMOS..., nos Caneiros....... 19
COIDAMOS...,nos Caneiros (II)... 20
Deportes......................... 21
Autopista: case unha realidade.. 22
Autopista: case unha realidade (II) 23
Páxina censurada................. 24
Corresponsales................... 25
Humor............................ 26



# Editorial

¡Boas rapaces!:

COIDAMOS... salúdabos no escomenzo dun novo-curso, un curso máis que trae novas facianas compañeiras, novos profesores e novos veciños.

Uns vánse, pro COIDAMOS...-sigue, resta pra todos aqueles - que no seu vivir de cotío, erguense de mañá cedo pra toparse-cos seus compañeiros.

Uns vánse, pro COIDAMOS...-sigue a sua laboura, o seu traballo aberto, feito por mans humans, pra todos aqueles que queiran escoitar unha súprica e tender unha man de axuda.

COIDAMOS..., un voceiro feito - por todos aqueles que algo teñan que decir. -- Non teñades medo de abrirbos ós vosos compañeiros endexamais

COIDAMOS... sigue porque é un espello da nosa realidade. - COIDAMOS... sigue porque él é - nos.

COIDAMOS... sigue, e seguirá namentras haxa unha ialma -- con dúbidas, un corazón cheo de súpricas e uns ollos cheos de - bágoas. Namentras poida resolver un problema, e chegar xunto aqueles que o acollerán cunha - aperta, COIDAMOS... tentarase - en pé.

Axudade compañeiros a que-endexamais véñase abaixo.

COIDAMOS...

# Lembranza

A Xosé Ramóm López Vázquez

Cadeirádigo de Filosofía

Camiñaba de presa, cisas mañás galegas que lembrou Castelao, que chorou Rosalia. Camiñaba de presa, cara ó seu acontecer, entre as brétemas das frias mañás do inverno. Surrisa aberta, ainda coa xiada.

Dempóis da xornada, a mesma surrisa da mañá, unhas verbas de ánimo, unha frase de alento, un saúdo pra todos aqueles cos que se atopaba de cotío.

El decíalles a istes, contáballes a aqueles, conversaba cos outros, prós que llo pedían, un consello.

Pro él sabia que algún día tiña que marchar e dempois, náqueles lares lembrarse do que deixóu, pro non por elo esquencerse da surrisa ante ante a xiada e ente a choiva da Galicia, a sua patria e nazóm.

El marchará algúm día, quizáis zue o vento entón, quizáis... haxa xiada pro él marchará ainda e todo deixando, cun !hastra sempre!, pisada nos ánimos dos que o coñeceron, deixando lembranza n'aqueles que axudou.

El marchará, e n'outra terra, que tampouco será a sua, falará cunr, consellos pra istes, conversas pra aqueles...

A sua vida seguirá, e empre a vella espranza de voltar ó seu terruño, de axudar ós seus irmáns, de loitar polos compañeiros da terra apaleada.



El marchará...

El era e sigue sendo, un emigrante na sua terra.

ROSANA

# ¡QUE SE VAIAN!

Xa vai facer un ano, concretamente en Xaneiro, saíu no nº 2 do voceiro COIDAMOS... un artigo na páxina 16-17 no que se rogaba á ASOCIACION DE PAIS ! que, por favor, despertaran do seu letargo e fixesen algunhas actividades necesarias e propias do seu cárrego.

Hoxe, un ano despóis, os ressultados son nulos, aínda non diron probas de eisistencia, e señores, isto non pode ser, - nin nos o podemos consentir, nin tampouco os nosos pais, que ven estafados os seus dereitos por uns señores que están ocupando uns cárregos na comisión direitora da dita organización que dende logo demostran que non valen pra ocupar.

Naquel artigo de fai un ano pedíamos que loitaran xunto con nos (os alunos) pra defender os nosos problemas. Máis ¿qué fixeron? eu diría que se riron e estánse rindo de nos, claro que, como ninguén di nada. É - moi fácil facer unha xuntanza pra formar a xunta directiva, e tamén é moi fácil "votar" a certas personas (e que persoas) pra que ocupen eses postos, e aínda é máis fácil facer o que istes señores fixeron (cobrar as cuotas). Nos pedimos a súa axuda e non no la diron, polo mismo, o que pedímos nos agora é a súa dimisión.

O derradeiro ano viñéchedes pedirnos que fixéramos un artigo criticándovos, queríades que nós demostráramos que nos faciades falla, nós non temos por qué demostrar que nos fai falla a vosa axuda, iso todo o mundo sabe co necesitamos, pro o artigo escribiuse ¿e vós que fixéchedes? REN, REN de REN; ¿Cicais coidáchedes que con cobrar unha cuota ó ano xa tedes todo feito? Pois se coidades iso tades moi engañados, e a vosa solución soio é unha: DIMITIDE.

Sí señores, "vostedes" teñen que deixar o seu posto, non se pode estafar a tanta xente polos vosos propio s intereses. Debedes facer unha xuntanza e escoller democráticamente unha nova direitiva.

Cal foi a nosa sorpresa tamén cando o derradeiro curso fomos a pedirvos unha axuda monetaria pra facer a viaxe remate de estudios e dixéchedes que sóio nos podíades dar 5.000 ptas., e cando perguntamos que por qué, tampouco (porque en realidade según as matemáticas tedes bem máis) vós contestáchedes: fainos falla pra gastos de organización, e tampouco queremos que se beneficien aqueles que non pertenezan a ela. ¿Gastos de qué organización? ¿En qué podedes ter gastos? ¿E os que somos qué? A solución xa sabedes DIMITIDE, que non valedes.

Estamos cheos de aguantar semellante estafa, estamos cheos de que vos riades de nós, e tamén estamos cheos de problemas que esixen a intervenzón da organización. Deixade o sitio á xente que por moi mal co faga, dende logo deseguro co fai millor.

Dende eiquí facemos unha chamada a tódolos alunos e tamén a tódolos pais esixindo rematar isto problema. Unha solución xa puxémos:

! QUE DIMITAN !

! QUE SE VAIAN !

Coidamos...


JEFE, AQUÍ HAY UNO QUE AMENAZA CON UN REVOLVER SI NO VAMOS A ARGEL. ¿QUÉ HAGO?
Y QUÉ SÉ YO. SOY LA SEÑORA DE LA LIMPIEZA.
¡COÑO! ¿Y EL COMANDANTE?
SE HA QUEDADO EN TIERRA PORQUE TENÍA CONTRACCIONES CADA 5 MINUTOS
¡OLÉ!
"MARIPOSA LOLA" LLAMANDO A BASE. CONTESTEN
AQUÍ EL 7º DE CABALLERÍA. AL HABLA EL CAPITAN
YA DECÍA YO QUE ESTO NO TIRABA.
ESPAÑA '82 contamos con ellos !!
¿Y TU QUE HACES AQUÍ SI NO SABES AGARRAR LOS MANDOS?
LA VIDA ES UN ENCHUFE
¡Y QUE LO DIGAS! ... HASTA NACEMOS POR ENCHUFE
AHÍ NO PUEDES MOVER. TE COMO LA REINA
¡PERO SI ES UN TUTE!
BUENO, PUES NO HAY MUS. ¡POR CHULO!
ross

# H.R. FRANCISCO AGUIAR Hotel de 4 estrellas

¡Hola chavales! !qué hay!:

Pues aquí estamos otra vez, año tras año y vacación tras vacación. ¿Os dais cuenta? Ya vamos quedando menos "viejas glorias", tanto alumnos como profesores. Todo se renueva, este curso quizás con pasos agigantados.

Este curso, todavía en pañales, se me hace extraño. Se han ido algunos compañeros. Otros nuevos los relevan. Son caras que se me hacen extrañas en mi misma aula.

Veo con carácter nuevo también el estado del material escolar. !Si parece que estrenamos Instituto! ¿Os habéis fijado en la persianas? Blancas, blanquísimas, relucientes de juventud. Claro que, eso sí, está prohibido tocarle a los cordones que las mueven. Pero siempre hace bonito poder decir algún día al pasar delante del "Insti":

-¿Ves, hijo mío? Aquella persiana que está allí quise tocarla yo en mi mocedad.

Bueno, y supongo que aún sentireis la mirada regia de Juan Carlos y Sofía sobre vuestras cabezas. Espero que ningún detallista le haya puesto ya gafas a sus majestades ni habrán obsequiado con una espléndida faria a Don Juan Carlos para que mate sus ratos de hastio entre clase y clase.

!Ah! Poned mucha atención a los percheros. Vigiladlos con gran cuidado: son blanco de los mas criminales atentados, de las mayores descargas de violencia.

¿Todavía no ha aparecido por ahí el aspirante a Papa, que, para declararse más religioso que nadie se lleva los crucifijos de todas las aulas?

Bueno y, cambiando de tema. ¿Qué me decís del profesorado? !Qué invasión! A veces me quedo mirando la salida de la sala de profesores en las "horas punta" (vamos, entre clase y clase). Y nuestro monumental Instituto me parece poco menos que las ruinas de Mérida asaltadas de turistas.

Casi me creo que, con todas estas novedades nos hemos mudado de casa. ¿Qué digo? ¿De casa? No, de hotel. Porque este curso parece que estamos de prestado. Ya no me meto con la gente del Instituto que está en el edificio de F.P. Ahi, uno hasta puede permitir que le controlen el tiempo que pasa en el W.C....por desgaste de material. !Es lógico que velemos por los intereses de nuestros vecinos! Claro que los que estamos en el Francisco Aguiar, con un poco de consideracion. poco de consideración, podemos admitir que en esa media hora que tenemos libre despuès de las 11 nos echen al pasillo por fumar en clase. Hay que tener en cuenta que se carga en demasia y las parédes se estropean con el humo. Y, cuando, formales y obedientes, ya estamos en el pasillo pacificamente nos echan a la calle porque en el pasillo no se puede estar, hay que comprender a estos desvelados hombres y mujeres que miran por la educacion de nuestros hijos y, aun digo mas, de nuestros nietos intentando conservar el edificio. Tambien es natural que no podamos subir a a clase en esa media hora despues

de haber salido. ¿Os dais cuenta de que el desgaste de las escaleras seria doble si en lugar de subir una vez subimos dos?. !Hay que tener una mente consciente y matematica, muchachos!. Si, cada vez estoy màs convencido de que me he mudado a un Hotel... con cuatro estrellas.

ABRENTE

# EL RETORNO

Escapar es mi razoń de existir,no puedo quedarme aquí por mas tiempo y seguir pereciendo. Yo no tengo nada, quizá... porque, entre otras cosas, aún deseo poseer. Pero ya es tiempo de darle valor a los hechos y desdoñar el rumbo hasta ahora seguido.

No, hoy no sé pretender la belleza, la diferencia entre la vida y la muerte ya no es por mi conocida. Hablar de la vida siempre es fácil para el profano; pero ya no soy profano, yo se que vivir es algo que posee un alto precio. Se que comer es mucho más complejo que sentarse a la mesa y maniobrar unos utensilios. Pero yo no puedo perder tiempo, no quiero continuar una farsa que está en decadencia, que ya no es vigente, y a la cual se asiste masivamente como si fuese un estreno de Paso.

Yo no voy a seguir ningún camino, no pienso hacer nada que se considere normal, quiero cambiar y he de conseguirlo. No me asusta toda la evolución a la que he de someterme, pues esta no volverá a ser otra capa de pintura sobre una pared desnuda. Ahora será en serio, al igual que mi forma de tomar la vida.

No habrá más sonrrisas obligadas, ni más besos comprometidos yo forjaré un camino para que alguien lo siga. No volvere a hablar para acallar el silencio, no quiero despertar la noche con una metáfora insulsa o despechada. Desde este momento me escuchareis con menor frecuencia; prefiero apagar mi voz a interrunpir

el curso del viento. Y ciertamente ¿no es mejor observar el desier
to
to que intentar cultivarle?

Yo desde misno instante proclamo:

EL RETORNO A MI MISMO

O ANACO DA PEDRA



# Un San Santuario

Ó encoto de escribir istas liñas, chegamos a nova boa de que xa "habemus Papam", e que ese "Papam" é polaco da Polonia -non digo o nome por que nin eu nin vos sabemos polaco-.

Aproveitando este feito, formóuse unha comisión que ten como "Sumus Pontificus" ós Caesar, Rocus -non Petrus- e Danielus, que ten por fin o conquerir a canonización de 3º-D 77-78 i erguerlle un Santuario.

De seguido, faremos unha pequecha lembranza de 3º-D 77-78. Veleiquí:

Ven ó mundo no 75-76, co nome de 1º-F, e pouco a pouco vai evolucionando ó 76-77 co nome de 2º-D, pra desenrolarse no 77-78, xa co nome de 3º-D. Foi eiquí onde alcanzou os méritos pra ser hoxe merescente da canonización e do Santuario. ¿Cales foron esos méritos? !Ai, irmáns!. Esos méritos... esos méritos... foron -son, millor dito, xa que hoxe ainda están as consecuencias-, foron, "a folga de abrigos caídos", de pequena pro efectiva duración; protesta por facer esámenes, e no derradeiro termo ter clase de relixión; impulsou fondamente os movimentos "socio-culturais" deste "Monumento Hostórico-Artístico" como foron Coidamos... e outros moitos. Piden tamen a Autonomía, e ó non concedersalle declarouse en "República Popular de 3º-D" que tiña duas normas principais: Non hay Goberno e Asamblea Permanente".

Máis menos estes son os feitos que prá comisión -quen dun intre a outro van ir a Roma, non a Polonia, a entrevistarse en audiencia especial co Romano Pontífice- pró son suficientes pró fin perseguido.

Pregamos a todo-los ex-membros e simpatizantes de 3º-D 77-78 fagan presente a sua solidaridade coa comisión.



# Cuento

Dña. Cruela, descompuesta en sueños, busca su razón que la dejó olvidada en algún pupitre de su niñez, o en algún tocador para señoras en su adolescencia, o quizás debajo de aquella cama. Y ya no sabe que hacer para dar con ella; acude a viejos conciertos de cámara y busca entre los acordes del violín y atiende las notas del piano, y no la encuentra. Ha contratado a porteras y porteros para que le den razón de su razón, y en las oficinas de objetos perdidos, y en los montes de piedad revuelve entre paraguas con puños en forma de perros cincelados en plata, mira en espejos con imágenes de candelabros y brocados, e interroga a antiguos pájaros parlantes llenos de aserrín y ojos de cristal.

No sabe donde la olvidó, aunque está segura en sueños; no le fue dada a la buena amiga, ni prestada al compañero, ni regalada al amante; si al menos la hubiese donado a alguna obra benéfica.

Pero la necesita, porque sin ella...

No está muy segura de si el papel es para el suelo o la pared, no se acuerda si para ser elegante tiene que llevar un chicle, masticar oro, o comprarse una de esas máquinas para sacar de paseo ¿o eran para lavar?. Si se enamora (que todavía tiene edad para ello) no sabe si celebrarlo el día de San José, en los mundiales o en "ya es primavera" ¿Quizás en San Valentín?.

Cuando se dispone a salir para buscar su razón, Dña. Cruela calza unas cafeteras que compró por reyes, viste un magnífico lavaplatos completamente



automático adornado con unos botoncitos en distintos tamaños que le dan un aspecto muy elegante, lleva un discreto entretiempo de pura lana virgen y como siempre le gustaron los buenos complementos; ha adquirido unos botes de detergente con suavizante, nueva blancura biodegradable en oferta, con el único inconveniente de que estaban llenos de unos polvitos desagradables que al tirarlos le atascaron los desagues e hicieron mucha espuma. Aunque hay que reconocer su utilidad para llevar los cosméticos, los pastelillos de chocolate con pegatinas y algunos tarros de café molido, sin olvidar el tabaco.

Por último y como hace sol complementa el conjunto una placa solar con lazo: (que así se la vendieron) de un efecto sorprendente.

Un poco aturdida se da los últimos toques ante un espejo con marco dorado; cuando desde el salón comienza a subir un sonido familiar que va inundando el recibidor, empapando alfombras, rebosando escañeras, hasta tocar con discretos dedos los oídos de Dña. Cruela; que al sentirlos reconoce en ellos el único consuelo de su sinrazón, ya sabe que su mejor amiga está dispuesta.

Apresuradamente, intentando mantener el equilibrio sobre sus finas cafeteras, cruza habitaciones, desciende escaleras y tropieza

en el pliegue de una -- alfombra, para aparecer acalorada y con una- sonrisa como de niña ante su buena amiga, la televisión.

PACO

# Peirao

Molla un silenzo salgado
as
pedras
moles
do
chao;
o mareiro namorado
anda buscando atolado
unha moza no peirao.

No mastro dunha gamela,
prendéu
a
lua
un
luceiro;
pescantiña taravela,
que vai do peirao a armela
engaiolando ô mareiro.

Hai un silenzo avesío,
nas
pedras
dondas
do
chao;
a lus dun faro lonxío,
bicóu ao Mandeo frío,
morto d'amor no peirao.

Xosémaría Pérez Parallé.

# EL JOVEN RURAL

Homenaxe a

Simon and Garfunkel

Yo sólo soy un joven rural cuya historia es raras veces dicha. He ambicionado en mi vida proy ectos e ilusiones y ahora queda de mí el que los demás me escuchen.

Cuando abandoné mi hogar y mi aldea y me fui a la ciudad en donde estuve gastando el dinero, divirtiédome, charlando hasta el amanecer, y solo sintiendo alegría cuando encontraba a alguien interesante o una chica a quien amar. Creyendi que en la ciudad podia hacer lo que quería fuí olvidándome de mis ansias de pintor, y tragando lo que ella me mostraba.

Me sentía vacío y hacía esfuerzos por conseguir una disciplina, y empezaba a preguntarme qué es lo que hacía en medio de aquel mundo.

Y cuando a veces me ponía frente al lienzo o veía una tienda decorada con cuadros y buen gusto venían a mi las fuerzas y la alegría. Pero pronto empezaba a deprimirme y a olvidarme de mi mismo, hasta que llevado de mi instinto me acercaba a los cafes solitarios y obtenía allí algún confort. Y debo confesar que ellas y la pintura eran lo único que me sostenía.

Pero no tenía a nadie y echaba de menos alguien que supiese cómo era y en quien confiar.

He comenzado a mejorar y a vender algunos cuadros y a fijarme en otras miserias cercanas, y a tener deseos de comprenderlas, y a quererlas convertir en dibujos, porque mi situación desgraciada quiero que sea el t ema de mi arte.

Los inviernos en esta ciudad me están helando, y helado me dejan también las compañías con que ando, porque al no tener la ambición que tengo intentan hundirme; y no me quieren y se burlan, y yo me retiro, y es entonces cuando siento aún más la pintura. Y esto se lo dije ayer a Carmen -mi amiga- y juntos nos pasamos toda la tarde charlando en una taberna antigua. Y a los demás les enseño la vanidad, de que estoy formado, porque es lo único que me defiende y oculta lo que tengo dentro porque veo que no se lo puedo decir a nadie ni nadie se va a fijar en mi.

Y así no hay ninguna llamada y todos se cruzan como no viéndose y esquivándose para no tropezar, y yo me convierto en silencioso testigo, y plasmo estas escenas callejeras que me traen a la memoria a mi aldea, en donde si hallo ignorancia ho hallo indiferencia.

Mientras tanto ha surgido un pintor que ha luchado y ha triunfado y recuerda aquellos tiempos en que era tan sólo un joven rural que buscaba su camino, y ve con nostalgia que con el triunfo se quedó sin aquella vida cuyo alimento era el tesón.

Pero el luchador siempre permanece.

ANGEL

# EL LIBRO: CULTURA Y PLACER

Estamos en plena euforia de "libros nuevos" con el nuevo curso. La mayoría al final de esto ya les parecerá verlos hasta en la comida. Por eso creo conveniente escribir algo sobre este gran invento: el libro.

Un día, al estudiar en la "historia" que la imprenta se había inventado en el siglo XV, pensé, asustado, que las gentes de antes no habían podido leer como hacemos nosotros. ¿Sería así?

Claro que era así. Sólo existían manuscritos y éstos eran muy caros. El pueblo era inculto en un noventa y cinco por ciento. Las obras que llegaban hasta ellos eran las divulgadas por narradores ambulantes que iban de pueblo en pueblo haciendo lecturas públicas.

Al poder imprimir los textos, las obras podían llegar a más gente. Pero durante algun tiempo la lectura siguió siendo privilegio de unos grupos sociales.

Pero he ahí, que surge una clase, enriquecida del comercio cuando surge la revolución industrial, la buguesía, que viene a incorporarse a la ya clase lectora.

A la par de esto aparecen los periódicos que incitan a la lectura diaria al público educando asi un gusto y una costumbre.

Hemos visto, pues, cómo el incremento de la compra y lectura de libros es fundamental para la elevación de las gentes.

Pero hoy, ¿qué pasa?. El público, actualmente, somos nosotros. ¿Leemos con la frecuencia que sería necesaria? ¿Disponemos de una biblioteca por modesta que sea? Esto podria dar la contestación: os cuento el caso de una amiga mia a la que un amigo común tenía la mania útopica de aconsejarle ciertas lecturas. "!Pero si la pobre no tiene tiempo! - nos decía su madre, escandaliza con las propuestas de nuestro compañero-. Durante los nueve meses de clase, !imposible!. Ya los leera cuando tenga vavaciones...! Bueno. No será necesario decir que la chica durante los nueve meses no abria otros libros que los obligatorios y no tocaba después los "facultativos", los que podía leer por propia decisión.

El libro está a nuestra disposición en muchos lugares (librerias, bibliotecas, quioscos, etc. ..). También el cine, la radio, y la televisión nos están proporcionando una forma de leer. Pero hay que ser lector y espectador activo, es decir, pensar sobre lo que se lee y observa, discutir del texto con la imagen. El libro es dialogo autor-lector. Eso quiere decir que tiene un objetivo o varios: emocionar, convencer, informar al lector. Por eso este reacciona con disgusto o placer como si se hablade a una persona a quien se presta mucha atención.

Asi, si nos acostumbramos a crear tiempos libres para nuestras lecturas, si aprendemos a escogerlas, al tomar un libbro dialogaremos con él, Y al escucharlo y contestarle sacaremos de esto recreo e información.

CATAVENTOS

# Realmente, ¿estoy solo?

Se paseaba nervioso, esperando que algo ocurriera. Nada concreto ocupaba su mente; sólo esperaba. No sabia. Quería que algo le sacara desu mono tonìa, que alguien distrayese su cabeza de la nada que ahora la ocupaba

Ni un ruido; ni una voz. Nada era capaz de conmover aquel vacio caserón en que habitaba. Aquellas pidras grisáceas le ahogaban, le sofocaban. El esperaba algo; Y nosabía.

Las paredes le decían que habìa sido un tonto. Que noera posible vivir desmenuzándolo todo, buscando los porqués. Era mejor pasar la vida como um juego. No era bueno meterse en interioridades.

El hombre se tapaba los oidos, haciendo un desesperado esfuerzo por no escuchar. El había tenido inquietudes . Había investigado y había pensado. Pero no siempre encontro´solución. Había lagunas, huecos. Recordó sus primeros entusiasmos, cuando era joven y creìa llegar al fondo de los misterios Ahora se daba cuenta de lo equivado que había estado.

Por eso se encontraba desasosegado y triste. Quizá esperaba ana revelaci ón, una solución a su problema.

Perp no llegaba. Se pasaba noches enteras paseándose por el empe drado corredor de losas negruzcas. Esto le daba una sensación de poder, de primitivismo, como si fuera el único hombre del mundo. Desesperado, se preguntaba si todos sus dolores de cabeza de tanto pensar, sus taciturnidades, sus evasiones del mundo no habían servido de nada.

Se encontraba ahora, sólo. Ninguna idea le acompañaba. Daba vueltas a todos sus recuerdos.

Su negativa al matrimonio, al hogar, a la vida de familia, al amor compartido, al calor de otro cuerpo. Y todo ello, para dedicarse a su trabajo. ¿ De qué le habia servido ?. Ahora encontraba cada vez más preguntas. Ahora no podía llegar al fondo de nada porque estaba desmoralizado.

Una esposa, unos hijos, un hogar, eran, al fin y al cabo, algo tangible con lo que gozar.

Pero esta inmensa nada que ahora le inundaba era algo monstruoso, terrorífico.

Entonces se acordó de las noches en vela, de los profundos estúdios, para conseguir triunfalmente una tesis nueva. Nada podría compensarle de la alegría de un nuevo hallazgo, de una nueva idea. Nada, ni siquiera una familia.

Habría sido bonito tener ambas cosas. Si, realmente. Pero él se había visto obligado a elegir. Recordó que a ella no le había parecido bien. Nada bien. Bueno, el caso es que él se lo había advertido desde el principio.

Ella se había mostrado aburrida e intolerante con su trabajo. El compromiso fué roto. Él quedó solo, y su afición le absorbió por completo.

Si hubiera encontrado una mujer que le comprendiese. Podría ser hermoso trabajar un común. Pero ella, egoista, sólo había pensado em sí misma. No había colaborado en nada. Sus hijos eran mayores ahora. Casi no los conocía. Ella se los había quitado. Decía que solo pensaba en su trabajo. Que sus hijos eran un accidente y él no los quería. Quizá fuese cierto. Pero su misión era tan absorbente. Tan interesante....

A FOLLA VIRADA.

# AGA

Era un día esperado. Sin embargo la alegría que se podía imaginar no fue tal. Como siempre, él estuvo sólo, aquel día en el que muchos se reunían para celebrarlo. Se fue a su casa como todos los días. Dijo "buenas tardes" a sus padres y se encerró en su habitación. No le parecía lógico llorar por aquello. El tiempo había traído la costumbre con él. Sólo aquel libro un tanto romántico que le gustaba porque no, le acompañó aquel día. Tras la prosa aburrida de Proust, el mundo de los sueños volvió a aparecer en su cabeza. Se trasladó a un día distinto. Un día, pensándolo friamente con los ojos artificiales de la realidad, imposible. Ella venía y hablaban. Se contaban la historia, lo que se dirían mañana y se hubiesen podido decir ayer. De pronto, un mar embravecido y frío -al llegar aquí se dió cuenta de que era aquella una tarde calurosa- los envolvía y juntos entraban en el templo prohibido de... Las voces de su madre reclamándolo le hicieron dejar el libro y sus ideas. Bajo la mirada de sus padres cenó como todos los días en aquel comedor que se le hacía tan frío pese a los cuidados de su madre tenía para que pareciese lo contrario. Le gustaría salir de allí corriendo, pero tal vez su instinto de vivir mejor y más cómodamente como un parásito, le hizo permanecer clavado en la silla, mirando lo que con esfuerzos tragaba. luego volvió a su cuarto. Cogió su vieja guitarra, la afinó e intentó tocar algo que le hiciese olvidar, que le sirviese de "evasión". Sólo consiguió tocar tristes canciones sobre lo mismo, su soledad y su tristeza. El se tumbó sobre la cama. Con los pies cruzados y las manos sobre la nuca, miró hacia el techo blanco fijándose en un punto y volvió a su sueño. Continuándolo junto al mar bravo, en la playa vacía bajo el anochecer, reconoció el templo del abrazo. Su ideal seguía, aunque en la realidad no era posible. Ya es de noche. Se metió en la cama para intentar dormir. Recordó todo lo que ocurrió aquel día. No pudo sino reírse. No hay solución.

Aquella noche no durmió.



# COIDAMOS QUE... NON É PORQUE SI

Todos nós temos tido momentos de cabreo cun mestre por pensar que unha cousa tiña que ter unha espricación e os vellos mestres sempre decían cas cousas teñen que deprenderse porque sí e que non había mais voltas que darlle. Pro menos mal cas cousas vellas xa se van truncando por unhas novas; agora xa temos alguns mestres que pensam en cambiar a vella e tradicionalista estructura da imposición de conceptos por un novo tipo de crases que tenden a unha orientación da temática do curso.

Isto ten unhas grandes ventaxas tanto pro mestre como pro aluno. O metodo da orientación dos temas no estudo e moi importante, pois da a posibilidade dun gran aumento da capacidade creadora do alumno xa que o póder enfocar os temas dunha maneira subxectiva podemos facer unha critica personal de cada tema e de cada leución.

Ante todo, iste metodo influye moito na autorealizazòn do alumno, que desde logo elle moi importante pra ter unha idea crítica e persoal do mundo, da xente, incluso, dos mestres e dos compañeiros que con il están

Eu penso que non e un metodo pedagoxico que chege un mestre a aula e que empece a falar e que o alumno e que o alumno teña que intemt re retener todo iso tropel de verbas cas veces parencelle sen sentido, craro que un pode levantar a man e preguntar o que non entenda, pro isto eu penso que non e unha verdadeira importante partipación na crase.

Si se espuxeran unha serie de temas relaccionados ca leución (ou a mesma leución ) polos alumnos,(tanto en grupo como individualmente); e que despois se debatiran as cousas en que non se estivera de acordo o alumno deprenderia moito millor e o que é mais notabre as crases non serian UN COÑAZO.

Eu quixera que algums mestres leeran isto e despois recapacitaran; todos estariamos millor.

VENTO



# "Coidamos... nos Caneiros"

En todo o mundo e parte do-extranxeiro coñécese a romería que leva ós romeiros parrandeiros no bote río arriba; dito dun xeito pra que todo o deus o entenda, que son !Os Caneiros!.

COIDAMOS..., non podía deixar de estar presente en tan grande e alegre festa; así, a redacción acordou mandar a unha delegación -non indo toda en cheo, por causas de forza maior, como poden ser: papá e mamai, enfermedadis "jodidus", gusto polo deporte "ando, andas, andamos,..." e outras semellantes-; esta delegación iba formada por: Andrade, Xoan Calros, Naveira, Daniel, e dous individuos máis pra que testificaran, afirmaran e remaran, que foron Manel e Domingo. Un que fai isto, o visto a festa de lonxe -no tempo-, examinadas as circunstancias, -e axudado por toda a delegación-, vai tentar de contar ou cantar do xeito máis verídico posible o que alí aconteceu. Velaquí:

Nun bote, pintado con liñas verticáisde marrón e amarelo e a cuberta blanca e "na sua coor " dequen o nome non quero lembrarme, adoriado cuns salqueiriños, que levaban por riba un "algo" a xeito de toldo, polas bandas dúas pancartas- unha por cada banda- que viñan sendo asi máis ou menos:



levaba tamén detras unha gran Bandeira Galega.

LEvaba nomeado bote, aparte dos parrandeiros, os útiles pertinentes pra satisfacer as necesidades do paladar e da barriga adecuadamente- por curiosos, non vos digo o que levamos, !chinchadevos!; saimos da Cibdade dos Cabaleiros á unha e media do 26 do mes da sega, cantando, bebendo, remando- ocamarada Domingo, a quen felicito por tan meritoria laboura, e confiando que lle duren os callos e os animos pró ano que ven-, e cun señor delegado tremando de que o "portavións" no que ibamos no fose a pique. Oviño corre-!que ... estaba!- e nisto chegamos a un sitio nos pareceu que era bon pra xantar, escomenzando a satisfacer as nosas necesidades e a... a todo quisque iba nos botes e lanchas. O rematar- de todo, bo, de todo non-funos deica o Campo dos Canciros, andivemos os bindonos, causando a admiración - por diversas e variadas causas- de todos aqueles que estaban à beira do rio. Isto foi, mais ou menos, a primeira e segunda parte -salvo detalles que pearаron propios do día e que non veñen a conto-nomealo s oiquí- e... ¿qué tal a terceira parte, a da chegada á "city"? Pois moi ben, vindo todos moi contentos...pola xornada, anque por razóns pra min -e pró resto- descoñecidas, Andra e Manuel quedaron na terra, baixando a pé polo carreiro, sendo ocupado o seu sitio por un bonrapaz de barbas nomeado Carlos.

Chegamos á Cidade ou "city" á hora oportuna e amañada, espallandose a delegación pola festa adiante.

Vistas as circunstancias,-a nos non nos colle na cabeza o que non nos diran o primeiro --premio... Si non ó bote máis e millor adoviado -anque debíamos ser moi bós polo sinalado máis arriba-, !si ó bote e ós romeiros con máis Co...rdóns!

Daniel & Cía.
producteixon sin queixo.





# Pi, Piiiiiiii TOCA la EDUCACIÓN FÍSICA

Muy señores míos: nuevo curso, y la E.F. más precaria que de costumbre, y no precaria por falta de campos, — pues nuestros queridos compatriotas — los poseen; pero claro si España no entró em el mercado Común nosotros no emtramos y por lo tamto de intercambio - deportivo nada.

Quizá porque F.P. no permite ni desea estranjeros ningunos (de ello suponemos que pedirán protamente la dimisión del señor Porta). pero quizá hay otro problema de fondo.

Sea un antiguo refrán castellano "Los niños con los niños y las niñas con las niñas". Y esta división presupone ciertamente que si nuestros salen a practicar sus actividades "incorpore sano", en pantaloncito azul y camiseta blanca enseñando sus paterras velludas o depiladas; se ocupan, sustraen o desgastan los campos de nuestros queridos y nunca bien alabados compatriotas.

Y nosotros comprendemos este problema y sólo pedimos que nos hagan repintar los campos cuando y solamente cuando hallamos desgastado los - plantígrdos de susodicha pintura. Es decir, aceptamos los deberes del asfalto siempre y cuando se nos concedan derechos sobre su desgaste.

Pidiendo también se mamtengam los grumos de polvo de nuestro Velludo gimnasio, pues com um poco de suerte de - um PIAZO (1) nos lo conviertem em um - monumento histórico artístico nacional

También desearíamos que mandase - esta excelentísima dirección um telegrama a HOLLYWOOD, y que prontamente - comenzara la temporada de WESTERN y — aquí poseemos la más bella polvareda y si no lo creem observen el campo de baloncesto cuando entran los indios pintarrajeados de azul y blanco.

Sin más que contarles se despidem aquellos que no los olvidan y desean - criticarlos

(1) Idea Magistral del Sr. Cabamillas

FIRMA
NINYCA



-EQUILIBRIO-

# AUTOPISTA: case unha

Por: Ross

Ofrecémoslles neste número de COIDAMOS... un traballo adicado á polémica AUTOPISTA DO ATLANTICO.

Basámonos para facelo, nun cuaderno editado po-la Coordinadora Nacional de Afectados baixo o tíduo de "Notas pra un debate necesario."

Unha autopista é unha vía especializada pra tráfico automóvil de longo recorrido, alta velocidade constante, e gran densidade de tráfico.

Pra manter a velocidade constante, ten pendientes non superiores ó 4 ou 5 por 100, e radios de curvatura non inferiores a 350 metros.

Todas istas condicións fan ás autopistas moi costosas.Pra financialas recurrése ó peaxe, e confíase a construcción a unha empresa concesionaria, que explota tamén en réxime de monopólio os servicios diversos como gasolineiras, restaurantes, moteles...

ORIXEN DAS AUTOPISTAS

O orixen das autopistas está na promoción do transporte privado de carretera. Neste tipo de transporte están interesados os dous sectores máis poderosos do Gran Capital Internacional: A industria do automóvil e a do petróleo. Por iso, non é extraño que en España, o papel principal na promoción das autopistas o xogue a liga financiera do clan GARRIGUES, vencellada ó imperio ROCKEFELLER, un de cuios pilares é precisamente o petróleo. En outros paises introduxéronse as autopistas pola forte presión do capital interesado nilas.

Hai paises capitalistas, como Inglaterra, nos que non se sinte a necesidade das autopistas. As razóns son unha boa rede de carreteras, unha rede ferroviaria fundamental e organización axeitada do transporte públi-co.

Tamén se fixeron autopistas en paises atrasados, xustamente aqueles que dependen do totalmente do capital americán, aspiran a un crecimento económico dentro da total subordinación ós EE.UU.

VENTAXAS E INCONVINTES

As ventaxas da autopista en comparación a unha carretera normal son: velocidade media alta, maior seguridade, que non atravesa núcleos habitados, menor contaminación, menor consumo de gasolina, rodas, e desgaste mecánico.

Os inconvintes son: falta de permeabilidade (por ter poucos accesos), falta de flesibilidade ( non se complementa ben co resto da rede), e o peaxe, que "espanta" á meirande parte do tráfico de mercancias.

Agora ben, todo o que se pretende que a Autopista elimine "en ruta" incrementao nas cidades (contaminación, ruidos, accidentes e conxestión do tráfico).

PROBLEMAS DA AUTOPISTA.

Os problemas da autopista en Galiza, acentúanse debido ó especial do noso territorio. A Autopista cor-

# Peseatodo.

# realidade

> Si o Estado avala ás autopistas tamén podería construilas directamente, e cobrar peaxe dempois. ¿POR QUE NON SE FAI ASI? A única explicación racional está nos negocios privados, que non están no peaxe, senón nas licencias de exportación, na construcción, etcétera.

ta o territorio, ó non permitir que outras vías a crucen a nivel. Por non adaptarse ó terreno, tense que construir facendo zanxas que fenden os montes, ou terrapléns que cortan os vals. Ademais, os desmontes cortan as augas subterráneas secando moitas fontes.

CONSTRUCCION

En 1975, unha carretera REDIA valía na provincia de Madrid, 3o millóns de pesetas por Km., e unha autopista 100 millóns. Nembargantes en Galiza xa valía 150 millóns Km. no ano 1973 cando se fixo o presuposto (32.000 millóns Pts para pouco máis de 200 Kms.). Ademais, hai que ter en conta a inflacción.

A FINANCIACION

O Estado financia a Autopista indirectamente, mediante reduccións arancelarias de que goza a Concesionaria. Mediante o aval que dá ós créditos, de xeito que si a Autopista non é rentable, o Estado terá que cubrir os déficits, xa que lle garantiza á Concesionaria que, en calquer caso, ista nunca perde. E o Estado somos todos nós.



# O TRANSPORTE ESCOLAR



A VIÑA (IRIXOA).OUTONO. (Do noso corresponsal Sera)

Fai uns cantos días rematou a folga do transporte escolar do grupo do Xestal.

A razón primeira da folga foi ter que recoller ós rapaces da parroquia de Ambroa (Irixoa), porque a carretera está en mal estado. Iste é un problema que ven de vello, xa data de fai dous ou tres anos.

Pro o caso curioso é que cando hai feira na Viña os coches -da mesma empresa que fai o transporte escolar- van pola xente, percorrendo tóda-las aldeas da parroquia.

Deste xeito os pequenos tiñan que andar dous ou tres Km. a pe, duas veces ó día, ou senon os pais tiñan que pagar a taxis; pro señores estamos na democracia e se facemos o que queremos imod de...

Por outra banda, e segun fontes estraoficiais, chegóu a miña corresponsalía a noticia de que cando hai feira eiquí, moitas veces os rapaces van de pé e a xente, claro son maiores, sentada. Señores, ¿o transporte escolar é pra nenos ou pra todo quisque que queira subir?. Claro os cartos que pagan as persoas maiores son cartos coma atopados.

Chegou tamén a min a nova de que en cada dous asientos meten tres ou catro meniños, coma se fosen animáis pra iren á feira.

Claro os rapaces son pequenos e hai que tratalos coma o que son; claro cicais eles non se decaten do que lles están facendo e haise que aproveitar da iñorancia; e todo por non poñer un omnibus máis, que cicáis a facendo unha liña regular e que cicáis o ministerio está pagando com8 si se utilizase pra transporte.

Coido que este é un problema moi grave que hai que solucionar, ¿quén?. O que máis e o que menos lávase as máns, e ¿quén sofre as consecuencias ? Os RAPACES.



# ESCOMENZAMOS BEN J[CENSURADO]S




LOS VETERANOS NOTAREIS LA FALTA DE LA "TIPICA" ARAÑA, PERO BUSCAD, BUSCAD POR TODO EL PERIODICO.

¡¡HABRA IMPORTANTES PREMIOS PARA EL PRIMERO QUE LA ENCUENTRE!!

## LA BEDELCRACIA




Firma: Uno que baja en mitad del recreo. ¿Que pasa?

ROCA